

“ORDENAZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO CONDUENTE Á OBTENCIÓN DE RESOLUCIÓN/ ACORDO DE DECLARACIÓN DE APLICACIÓN DO RÉXIME DE FÓRA DE ORDENACIÓN PREVISTA NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA 3ª DA LEI 2/2010 DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002 DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA.

Aprobación: 26/12/2011 - B.O.P. : 13/04/12

Artigo 1. NATUREZA E FUNDAMENTO.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por tramitación de expediente conducente á expedición da resolución/acordo administrativo de declaración de aplicación do réxime de situación de fóra de ordenación dos actos de uso do solo, en particular das obras, instalacións, construcións e edificacións realizadas sen licenza ou sen autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor da Lei 2/2010 transcorre o prazo legalmente establecido no artigo 210.2 da Lei 9/2002, sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou ambiental.

Artigo 2. FEITO IMPONIBLE.

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de uso do solo, en particular das obras, instalacións, construcións e edificacións realizadas con infracción da normativa urbanística a que se refire a Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2010 axústanse ás disposicións normativas de aplicación a efectos de declaración de aplicación do réxime previsto para a situación de fóra de ordenación.

Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que sendo propietarios das obras, edificacións ou instalacións a que se refire o artigo primeiro soliciten da Administración municipal a tramitación de expediente administrativo co obxecto de obter resolución/acordo de declaración de aplicación ao inmovible afectado do réxime correspondente á situación de fóra de ordenación.

Artigo 4. *RESPONSABLES.*

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades sinaladas no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria nos supostos e co alcance sinalado no mesmo.

Artigo 5. *COTA TRIBUTARIA.*

A cota tributaria correspondente á tramitación de cada expediente administrativo conducente á obtención de resolución/ acordo de declaración de aplicación do réxime de fóra de ordenación prevista na disposición transitoria 3ª da Lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia será de **10 euros por cada metro cadrado de superficie edificada.**

Artigo 6. *BENEFICIOS FISCAIS.*

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7. *DEVENGO*

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación que constitúe o seu feito imponible, entendéndose por tal a actividade administrativa de informe e inspección segundo o disposto no artigo 1 da presente ordenanza. A efectos de aplicación da presente ordenanza o inicio da actividade administrativa non poderá demorarse máis de tres meses.

Con carácter previo ao inicio da actividade administrativa esixirase o depósito previo do importe total.

2. A obriga de contribuír, non se verá afectada de ningún xeito pola renuncia ou desistimiento do solicitante unha vez ditada a resolución administrativa (sexa de outorgamento ou de denegación da declaración pretendida), ou con anterioridade, cando se completou a actividade administrativa de informe e de inspección.

En caso de renuncia ou desistimiento unha vez incorporados informes técnicos e/ou xurídicos ao expediente, sen que se haxa completado a actividade administrativa de informe e inspección a taxa reducirase nunha porcentaxe do 25%.

Artigo 8. *LIQUIDACIÓN E INGRESO*

1. O importe da taxa por tramitación do expediente administrativo será ingresado en calidade de depósito previo nas contas municipais aperturadas nas entidades financeiras autorizadas.

2. O ingreso efectivo deberá acreditarse no momento de presentar a correspondente solicitude, ou no seu defecto con posterioridade, si ben, en todo caso, con carácter previo ao inicio da actividade.

Ordenaza fiscal reguladora da taxa pola tramitación de expediente administrativo conducente á obtención de resolución/ acordo de declaración de aplicación do réxime de fóra de ordenación prevista na disposición transitoria 3ª da lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3. A Administración municipal, unha vez realizadas as actuacións motivadas polos servizos urbanísticos prestados, tras a comprobación destes practica as correspondentes liquidacións esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade diferencial que resulte.

Artigo 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Estarán suxeitos á presente taxa aqueles expedientes administrativos que estean e tramitación no momento da aprobación da presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, unha vez recaese o correspondente acordo do Pleno da Corporación, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”